

Acta da Xunta de Escola extraordinaria do 1 de xuño de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 01/06/2020
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 01/06/2020
- III. Acordo da EEME sobre a proposta do “Plan de impulso e consolidacións das competencias dixitais como apoio á docencia presencial no SUG curso 2020-2021”

Ábrese a sesión ás 13 horas e 07 minutos, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátase o único punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de acordo sobre a proposta do “Plan de impulso e consolidacións das competencias dixitais como apoio á docencia presencial no SUG curso 2020-2021”.

A Directora dá a benvida ás persoas asistentes á Xunta de Escola e trasládalles os seus mellores desexos para elas e os seus achegados. Ademais traslada o recoñecemento da dirección ao PDI, alumnado e PAS polo seu esforzo e o traballo realizado estes tres meses, nunhas condicións moi complicadas.

En relación ao punto da orde do día, comeza lembrando os antecedentes e a súa secuenciación temporal.

- 19 de maio. Publícase no DUVI a noticia “*Arrancan as negociacións coa Xunta para a implantación da docencia mixta desde o vindeiro curso*”, na que se fai referencia a unha xuntanza de traballo entre as universidades do SUG e a Consellería de Educación, Universidade e FP na que iniciaron os trámites de cara á implantación para o vindeiro curso da denominada “docencia mixta”.
- 21 de maio. A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado envía aos Decanos/as e Directores/as o documento borrador do “*Programa de transformación á docencia innovadora do SUG*”.
- 26 de maio. Convócase unha Xunta de Escola con carácter extraordinario para valorar o contido e alcance do borrador “*Programa de transformación á docencia innovadora do SUG*”. Unhas horas máis tarde de que se convocase a Xunta de Escola, a Consellería retira a proposta do “*Programa de transformación á docencia innovadora do SUG*”, polo que se procede a desconvocala.

- 26 de maio. Publícase no DUVI unha noticia na que se fai referencia a un novo acordo entre as universidades do SUG sobre un novo plan: “*Os reitores do SUG acordan un plan de impulso e consolidación das competencias dixitais como apoio á docencia presencial para o vindeiro curso*”.
- 28 de maio. Publícase no DUVI a noticia sobre un novo marco de acordo entre a Consellería, as universidades do SUG e ACSUG: “*Consellería de Educación e universidades apostan por unir esforzos para incorporar novas metodoloxías, compatibles coa docencia presencial*”, no que figura unha ligazón ao documento “*Plan de impulso e consolidacións das competencias dixitais como apoio á docencia presencial no SUG curso 2020-2021*”.
- 28 de maio. Ao obxecto de valorar o contido e alcance do convócase unha sesión extraordinaria da Xunta de Escola.

A continuación fai un resumo do contido do “*Plan de Impulso e consolidación das competencias dixitais como apoio á docencia presencial no SUG. Curso 2020-2021*”, subliñando as partes implicadas, os seus obxectivos e alcance temporal, as liñas de actuación, a financiación e a seguridade xurídica.

A Directora lembra que coa convocatoria da Xunta de Escola se trasladou a petición de que os membros da Xunta de Escola que o estimasen oportuno adiantasen comentarios ou reflexións sobre o documento, de xeito que puideran servir como punto de partida para a elaboración dun documento de traballo. Recibíronse as valoracións dos profesores Eduardo Liz, Benito Vázquez e Jorge Morán e foron enviadas aos membros da Xunta de Escola xunto coa proposta da dirección sobre a valoración do contido e alcance do Plan. A dirección agradece a participación dos profesores que trasladaron ao centro o seu parecer.

A continuación pasa a expor a valoración do plan feita polo equipo de dirección, na que se incorporan moitas das aportacións recibidas. Resalta as principais carencias e incoherencias, a precipitación do procedemento sen contar coa participación dos colectivos implicados, e a inclusión de aspectos e normativas improcedentes e contrarias aos procesos de deseño dos proxectos formativos (avaliación e cualificación, gravación obrigatoria das clases...). Finalmente expón a proposta de acordo que somete a debate e aprobación co obxectivo de poder trasladar á Universidade o parecer da Xunta de Escola para que o teña en conta.

Ábrese unha quenda de palabra na que interveñen Jesús Rico, Bienvenido Díez, Marta Caride, Marta Cabeza, Benito Vázquez, Miguel Ansele, Eduardo Liz, Teresa Rivas e Joaquín Martínez; nas súas intervencións apoian as valoracións da dirección e o documento proposto, e expoñen os seus puntos de vista sobre a docencia non presencial durante o estado de alarma e sobre algúns dos aspectos do “Plan de impulso”.

A Directora recolle unha proposta xurdida no debate: incorporar ao documento proposto pola dirección un parágrafo final, a modo de conclusión, resaltando a necesidade da participación dos colectivos implicados tanto para este plan coma para calquera outro que o substitúa.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o acordo recollido no ANEXO III.

A Directora agradece a participación na sesión e comenta que informará aos membros da comunidade universitaria do centro das novidades sobre este proceso.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 00 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a un de xuño de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 01/06/2020

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 01/06/2020

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 01/06/2020

Persoal Docente e Investigador

1. Elena Mercedes Alonso Prieto
2. María Araújo Fernández
3. Marta Cabeza Simó
4. Marcos Conde Fontenla
5. Lucía Díaz Vilariño
6. José Bienvenido Díez Ferrer
7. Ángeles Domínguez Santiago
8. Pablo Eguía Oller
9. Fernando María García Bastante
10. Guillermo García Lomba
11. Eduardo Giráldez Pérez
12. Elena González Rodríguez
13. Eduardo Liz Marzán
14. Alfonso Modesto Mandado Vázquez
15. Joaquín Martínez Sánchez
16. Jorge Carlos Morán González
17. David Patiño Vilas
18. María Carmen Pérez Pérez
19. José Santiago Pozo Antonio
20. M^a Teresa Rivas Brea
21. Javier Taboada Castro
22. José Benito Vázquez Dorrió
23. Javier Vijande López

Alumnado

24. Noelia Alonso Rodríguez
25. Laura Andrés Herguedas
26. Miguel Ansedo Vilas
27. Marta María Caride Pérez
28. Santiago Domínguez Blanco
29. Iván Montenegro Vázquez
30. Belén Parente Artime
31. Juan Jesús Rico Fuentes
32. Víctor Rodríguez Nistal

Persoal de Administración e Servizos

33. M^a Carmen Romo Pérez

Desculparon a súa ausencia:

- Daniel Villanueva Torres

ANEXO III

Acordo da EEME sobre a proposta do “Plan de impulso e consolidación das competencias dixitais como apoio á docencia presencial no SUG curso 2020-2021”